

UNIDADE 18: Raúl Dans: *Lugar*

TEXTOS PARA A GUÍA DE LECTURA

Se o axioma segundo o que estás actuando non foi pensado para gañar diñeiro, podes descubrir que o teu verdadeiro obxectivo no xogo é outro ben distinto: quizais esteas tentando demostrarte que e-lo amado de Deus.

David Mamet: *Cousas que aprendín xogando ó póker no outeiro*

¿Volver? Volva quen teña,
Tras moitos anos, tras unha longa viaxe,
Cansazo do camiño e cobiza
Da súa terra, a súa casa, os seus amigos,
Do amor que ó regreso fiel o espera.

Luis Cernuda: *Desolación da quimera*

PERSONAXES (por orde de aparición)

DAVID, corenta e oito anos
O VIAXEIRO, trinta e cinco anos
UN VELLO

A acción transcorre no interior de Galicia, na primavera do ano 1977.

Un apeadeiro abandonado, á primeira hora da tarde.

O camiño aberto entre as rochas da montaña vén nunha lixeira pendente desde o fondo do escenario ata a porta do vello edificio da estación. A un lado da porta, a ventá do despacho de billetes e, ó outro, un poio que ocupa o resto da fachada. No indicador que hai sobre a porta lese o nome da estación: LUGAR. Ós lados do indicador, uns farois enferruxados e cos vidros rotos. Capas de carteis que anuncian festas e feiras comarcais cobren a porta e a fachada da estación. En tódolos recunchos medran a carriza e o couselo, e as enredadeiras ábreanse paso nas gretas do chan e aganchan polas paredes e os postes do cuberto que ensombrece parte da plataforma.

A vía férrea, á que lle faltan algunhas travesas, está en primeiro termo, medio metro por debaixo da plataforma, e cruza o escenario. A grava do balastro forma unha lixeira pendente que abarca o proscenio.

No fondo do escenario, onde o camiño inicia a pendente, aparece un home. É David. Polo seu aspecto desleixa-

do diríase que vén dunha longa e penosa viaxe. Despois de coller folgos e botar un grolo dunha botella que leva envolta nas follas dun xornal, diríxese cara ó bordo da plataforma. David coxea lixeiramente da perna esquerda, pero a pesar diso e da súa idade, é un home áxil. Salta ó camiño de ferro e apalpa a parede da plataforma ata dar cunha pedra que está solta, quítaa e mete a man no buraco, de onde saca unha moeda furada. David senta na encosta de grava, limpa a moeda e gárdaa no peto. Despois desenvolve a botella e tira o papel a un lado. Bota un grolo. David queda absorto mirando a paisaxe que se estende ante el.

Séntese un rumor lonxe. Pega a orela a un raíl e escoita. David levántase e comeza a buscar apresuradamente no balastro. Óese un asubío longo e apremante.

DAVID: Ten que haber algún cravo. Sempre os houbo.

Un novo asubío. Escóitase o troupeleo do tren que se aproxima á estación. Os farois abalan, o apeadeiro treme. David atopa un cravo e colócao nun carril xusto antes de que o tren atravesese a escena —de esquerda a dereita—, coma un lóstrego, sen dete-la súa marcha e facendo soa-lo chifre, para logo deixa-lo apeadeiro en silencio.

David, que agardou na encosta a que o tren pasase, empeza a busca-lo cravo e non repara en que hai un home na plataforma. Está de costas ó público, poñendo o chapéu. A carón del, no chan, hai unha maleta e un maletín. Despois de mirar a ámbolos dous lados, vólvese. O Viaxeiro viste con ostentación e ocupouse de que a viaxe non descompuxera a súa elaborada figura de triunfador, que resulta impecable. Mais ten o ollo dereito de vidro, e iso fai que a súa mirada produza un efecto turbador.

O Viaxeiro consulta o reloxo, e despois de levalo ó oído, dálle corda. A continuación, repara en David, que segue a busca-lo cravo no balastro.

O VIAXEIRO: (A David) ¿É vostede do comité de recepción?

DAVID: (Sen miralo) Non.

O VIAXEIRO: (Para si) Xa me parecía. (A David, despois de consulta-lo reloxo de novo, contrariado) ¿É que marcharon todos? Segundo o revisor, o tren non traía ningún retraso.

David non responde. O Viaxeiro colle a súa equipaxe e déixaa ó pé do poio. Bota unha ollada arredor e golpea as contras do despacho de billetes. Silencio.

O VIAXEIRO: Avisei, mandeille un telegrama ó alcalde onde lle advertía que xurdira un imprevisto e que chegaría no proximidades da tarde en vez de o facer no... ¡Entendo! Cren que collerei o último tren de Lugar, o que vén directamente da cidade. O meu comité de recepción aínda está na vila. (Achégase ó bordo da plataforma e mira á fronte) ¡Lugar! Afundida entre as montañas, allea ó paso do tempo... ¡Quen sabe onde foi para-lo meu telegrama! (O Viaxeiro consulta unha vez máis o seu reloxo) ¿Ten vostede hora?

David sobe á plataforma sen dirixirlle a mirada. De súpeto, deixou de coxear. David nota que a dor na perna calmou, pero non lle dá importancia á mellora.

¡Tanto ten! Agardarei polo comité o tempo que faga falta. Miña muller non mo perdoaría se non o fixese. Despois de tantos anos soñando coa volta, ben podó agardar unhas horas máis. (David ponse a mexar nunha parede do edificio da estación. O Viaxeiro vólvelle as costas e comeza a pasear pala plataforma) O tren viña case baleiro. Levaba algunhas mulleres e un par de viaxantes coas súas mostras, o habitual no proximidades da tarde, ó parecer... ¿Agardaba vostede por alguén? Dígollo porque eu fun o único viaxeiro que se apeou nesta estación. Ninguén máis ca min viña para Lugar. (David fita o Viaxeiro. Hai un silencio) A verdade é que foi sempre así. En Lugar nunca se apeou unha alma. Cando chegou o ferrocarril ó val os veciños pensaron que con el viría a xente, e que esa xente traería nas bagaxes o necesario para dar fin ás súas míseras existencias.

Pero ninguén veu a Lugar, que continuou sendo unha vila esquecida do mundo... Os de longa distancia, os da capital, paraban na ida, de mañá, para levar do val a alguén que se aburrira de agarda-lo que nunca chegou, pero á volta pasaban sen dete-la marcha, facendo soa-lo asubío... Fixeron este apeadeiro porque o tren tiña que pasar por algures entre as montañas e este era o sitio axeitado. É lamentable, mais cando se traza unha liña só se ten en conta o ben do proxecto... Estas portas sempre estiveron atrancadas. Pero en vou facer que se abran por primeira vez, xa o verá. O meu proxecto ha cambia-la vida do val definitivamente. (*O Viaxeiro descobre con inquedanza que David non deixa de o observar con descaro*) Eu... tiña un interese especial por chegar hoxe no último tren. Queríao facer parar nesta estación para que todos visen que ó cabo comezaran os cambios... Hai moito tempo, un rapaz da aldea e eu ideamos un plano para que se detivese, e deu resultado, pero non do xeito que nós argalláramos... Botabámo-las tardes no apeadeiro, poñendo cravos nos raís ata facelos afiados coma coitelas, e quedabamos aquí ata que o último tren de Lugar pasaba a todo dar sen dete-la marcha e facendo soa-lo chifre... (*Os dous homes fitanse en silencio*) ¿Coñecemosos?

DAVID: (*Para si*) Non, non pode ser...

O VIAXEIRO: A súa cara sóame de algo, pero non sei de que... (*David vólvelle as costas ó Viaxeiro e bota un grollo de augardente*) Quizais nos presentaron nalgunha ocasión e ningún dos dous recorda onde... Vai ter vostede que axudarme, son un desastre para lembra-las caras. Ultimamente, a causa do meu proxecto, ando dun lado para outro dando conferencias e coñezo xente distinta tódolos días. Paso tanto tempo lonxe da casa que penso que cando regrese non vou recoñece-los meus ¿Coñece vostede o meu proxecto para o val?

DAVID: Poida que oíse falar del.

O VIAXEIRO: Seguro que si. No xornal ou na radio. Ou quizais na televisión. Xa aparecín nela en dúas ocasións. ¡Vaia invento! A primeira vez que a vin, na casa dun cirurxián amigo de meu pai, non o podía crer... Déronlle a un botón e tralo cristal apareceu un home que anunciou que iamos presenciar unha corrida de touros. ¿Que tolada!, pensei, ¿como van meter unha praza de touros nese aparello? ¿E a xente? ¿E as bestas? Parecía imposible, pero alí estaban todos como prometeran: o público, os matadores, os touros... Foi unha experiencia reveladora. Aquel día decateime de que todo o que o home pode imaxinar é posible... Mañá dou unha charla en Lugar. Pode coñece-lo meu proxecto a fondo se dispón dunhas horas. (*O Viaxeiro tira unha tarxeta de visita do peto do abrigo e dálla a David*) Ás doce na escola.

Despois de le-la tarxeta, David bebe un grollo. Logo hai un silencio durante o que estuda os movementos do Viaxeiro.

¿Coñece a comarca?

DAVID: Coñezo. Mais agora está moi cambiada.

O VIAXEIRO: (*Achegándose ó bordo da plataforma e mirando á fronte*) Pois eu diría que segue coma sempre, e iso que marchei de aquí ó pouco de cumprí-los trece anos e esta é a primeira vez que a vexo desde aquela. Eu son do val, ¿sabe?, do mesmo Lugar. Cando o meu proxecto se leve a cabo, esta terra entrará na historia da nosa nación como merece, con feitos dos que nos oufanar. Desta vila cóntanse historias vergoñosas. Lerias de vellos. Hai quen di que as cavas destes montes se encheron de fuxidos despois da guerra, do país e estranxeiros, e que os veciños os axudaron en moitas ocasións. Xa cando eu era neno había quen xuraba que fixera amizade con algún deles, aínda que eu nunca o crin.

DAVID: (*Que non deixou de observa-lo Viaxeiro*) O seu ollo dereito...

O VIAXEIRO: ¿Que ten?

DAVID: ¿É de vidro?

O VIAXEIRO: (*Inquedo*) Si, é de vidro. ¿E que?

DAVID: Ó principio pensei que vostede era outra persoa. Alguén que coñecín hai moito tempo, pero iso é impo-

sible; vostede non pode ser el. Quizais sexa o seu ollo de vidro o que me resulta familiar, porque tamén tiña un. (*David semella hipnotizado polo resplandor do ollo de vidro do Viaxeiro*)

O VIAXEIRO: ¿Vostede...? Non, eu recordaría se fose de Lugar. A non ser que marchase da vila antes de que eu tivese uso de razón. Semella maior ca min, polo menos dez anos.

DAVID: (*Ausente, a piques de toca-lo ollo de vidro cos dedos*) Sempre me preguntei que habería no interior dun ollo de vidro.

O VIAXEIRO: (*Apartándose, asustado*) Nun ollo de vidro non hai máis ca iso: vidro... (*David acorda. Comeza a move-la perna da que coxeaba ata hai ben pouco. O Viaxeiro mírao con receo*) ¿Dóelle algo?

DAVID: A perna deixou de molestarme... Coxeo da perna esquerda. Tiven un accidente hai anos. Coa chegada do bo tempo acalma a dor.

O VIAXEIRO: Si, a calor vaille ben a eses males. E nesta época por aquí aperta que dá gusto. (*Silencio. David senta no poio. O Viaxeiro fitao*) ¿Veú toma-las augas? As da comarca son moi boas para doenzas como a miña.

DAVID: Non.

O VIAXEIRO: Entón... ¿que o trouxo aquí? ¿O traballo? Algo o debeu obrigar a vir a este apeadeiro abandonado. ¿O que? Non mo diga se non quere, a verdade é que non é asunto meu.

DAVID: Vin ve-la terra onde nacín..

O VIAXEIRO: ¿É da comarca?

DAVID: Son.

O VIAXEIRO: ¿De onde? ¿Da Lama, quizais? Xa dicía eu que a súa cara me era familiar. Fomos veciños.

DAVID: Iso parece.

O VIAXEIRO: (*Aliviado, vai onda David e senta xunto a el*) ¿Aínda ten propiedades no val?

DAVID: Non, xa non. A miña familia vendeu a facenda e marchou de aquí.

O VIAXEIRO: ¿É vostede non o soubo ata hoxe? (*David ausente*) ¿Como foi que ninguén o avisou, seus pais ou seus irmáns? Algún modo habería de facerlle saber que...

DAVID: Estiven lonxe moitos anos e desque deixei a casa nunca tiven un domicilio fixo. O traballo obrigoume a andar dun sitio para outro, e non puider establecerme en ningures... Levei unha boa sorpresa ó chegar e descubrir que non me quedaba nada no val. Tiña intención de pasar aquí algún tempo.

O VIAXEIRO: ¿É non pode mercar de novo aquelas terras?

DAVID: ¿As terras do val? ¿Non estará a falar en serio? (*David sorri con amargura e logo bebe un grollo de augardente. Silencio*)

O VIAXEIRO: Non sei... Pode conseguir unha propiedade na ladeira do monte. Moi preto de aquí, seguindo o cambio, hai unha fermosa casa desde a que se domina todo o val. O único inconveniente é que está demasiado cerca da vía, pero por aquí pasan poucos trens. Quizais os donos queiran desfacerse dela.

DAVID: Para iso precisaría máis cartos dos que podo dispoñer. Esquézao, ¿quere? Prefiro non darlle máis voltas a iso. Esta é unha data moi especial para min e quéroa celebrar pese a todo.

O VIAXEIRO: Debería localiza-los seus parentes. Na vila han saber a onde marcharon. ¿Non creo que os papara a terra! Tiveron que lle deixa-lo enderezo a algún veciño. Onde a familia está o fogar, iso di sempre meu pai. Aínda que haxa que durmir á intemperie, se os teus descansan xunto a ti, é que estás no fogar.

DAVID: Si, claro. (*David bebe. Hai un silencio. David intenta esquiva-la ollada escrutadora do Viaxeiro*)

O VIAXEIRO: ¿Agora o recordo! ¿Como non me decatei antes?

DAVID: ¿O que?

O VIAXEIRO: Non é a súa cara o que me resulta coñecido. Si, quizais tamén a súa cara, pero sobre todo sóan-me as cousas que di... Hai anos, no tren que me trouxo de volta a Lugar despois de operar o ollo, achegou-

se a min unha muller que me dixo o mesmo ca vostede. Ía moi ben vestida. Era a muller máis atractiva que vira ata entón. Pero había algo estraño nela... Quizais o xeito de pinta-los ollos ou as manchas de carmín nos dentes... Daquela non lle dei importancia, claro... Eu saíra do compartimento porque a muller non deixaba de mirarme e estaba empezando a poñerme nervioso. Pero ela veu tras de min, e de súpeto, sen vir a conto e sen terlle dado eu pé, empezoume a falar do mal que lle fora no estranxeiro, a onde emigrara cando era unha moza. Contoume a súa vida con monotonía e coa ollada fixa no meu ollo de vidro: que casara cun tipo que mallou nela ata que lle marcou todo o corpo, e que despois a abandonou; que ó pouco de quedar soa no estranxeiro, regresara a España, e que na capital atopara un traballo de criada nunha familia de republicanos, pero que tivera que deixalo porque o señorito intentara forzala... A muller voltaba ó fogar, onde a agardaba a nai, unha vella tola que adoitaba durmir coas bestas na corte... Despois de contarme todo aquilo, calou. Eu non sabía que facer. Non deixaba de mirar para o meu ollo. Semellaba que no seu interior había algo que a podía axudar a comprende-lo seu pasado... Entón achegou os dedos á miña fazula e dixo o que vostede hai un pouco: «Sempre me preguntei que habería nun ollo de vidro». Pero iso non foi o que máis me sorprendeu daquel encontro. O abraiante sucedeu á noite, e sinto calafríos ó lembralo. Eu intentaba durmir no meu asento cando o tren parou nunha estación deserta. A muller abandonou o compartimento en silencio e eu saín ó corredor tras dela. Vina baixar do coche e sentar nun banco da estación, e quedou alí, inmóbil, mirando como o tren se puña en marcha de novo. Entón reparei en que aquela muller non levaba equipaxe. ¡Regresaba ó fogar despois de moitos anos de ausencia e nin sequera levaba un bolso!

David está de novo ausente, coa ollada perdida no interior do ollo de vidro. Silencio. O Viaxeiro estremece e érguese do asento. Vai cara ó bordo da plataforma e mira o reloxo.

Non coñecía moita xente da Lama, pero seguro que tódolos de alá oíron falar de min, é dicir, do meu ollo. É normal que lle resulte familiar. Aínda que este non é exactamente o ollo que vostede coñece, agora está... distinto. Miña muller encargouse de que o limpasen e o pulisen. Tamén lle engadiron algo de volume, máis nada. Foi a súa maneira de felicitar-me polo meu éxito. Empeñouse en que o puxera nunha ocasión tan especial coma esta... Na casa teño unha verdadeira colección. Algúns deles son auténticas obras de arte, mais este só ten un valor... sentimental. Lémbreme todo o que traballei para chegar a onde estou. (*Hai un silencio. David bebe. O Viaxeiro semella intranquilo*) Perdino nun estúpido accidente. O ollo, xa sabe. Foi neste mesmo apeadeiro, unha desas tardes nas que o meu amigo e eu soñabamos con regresar triunfantes a Lugar no último tren, o que viña da capital cheo de pasaxeiros e nunca paraba. Eu debía demostrarlle que merecía o seu respecto, así que aceptei participar nun dos seus xogos... Encantábanlle todo tipo de xogos. Andar con el era moi emocionante, pero perigoso. Sempre estaba a proba-la valía dos que pretendían a súa amizade. Era un heroe para nós e todos queríamos ese privilexio. Eu acadeino, custoume o ollo, pero acadeino... Foi el quen nos aprendeu a pesca-las troitas coas mans, pero non había quen o fixese coma el. Metíase na corrente cuberto de follas e raíces e botaba cebo ó sen redor. Despois afundía as mans na auga cunha presada de herba nelas e agardaba a que as troitas se achegasen a el. Entón, cun movemento rápido, atrapábaas e botábaas fóra da auga. A min aquilo de pescar sen cana nunca se me deu ben. Faciamos apostas a ver quen pescaba máis, e non había quen o superara. ¡Era increíble, o mellor! Era quen de acadar todo o que se propuñía.

DAVID: ¿De onde saíu vostede?

O VIAXEIRO: ¿De onde saín? Non entendo... Acábome de apear do tren, xa llo dixen.

Os homes fítanse.

O VIAXEIRO: Vostede quizais fose dos que viñan das montañas a me mira-lo ollo. Cando mo puxeron foi un acontecemento. Dun día para outro fixenme o mozo máis popular do val. Viñéronme ver rapaces de toda a comarca. Andaban detrás de min, e iso facíame moi feliz, aínda que o meu amigo empezou a mirarme con

desconfianza... (*David vai cara á vía e comeza a remexer no balastro. O Viaxeiro está sumido nas súas lembranzas*) Debía pensar que estaba a lle rouba-lo posto... Pode que por iso empezase a esquivarme e non me volve-se falar ata o día que deixei a aldea.

DAVID: ¡Atopeino!

O VIAXEIRO: Si... Quizais no interior do ollo o meu amigo e eu sigamos sendo uns cativos que pescan troitas coas mans e agardan o último tren de Lugar poñendo cravos nos raís.

DAVID: (*Amosándolle o cravo desde a vía*) ¡Aquí o está! ¿Ve? Intacto.

O VIAXEIRO: ¿Vostede que cre? ¿Pensa que os meus recordos, aqueles anos, están no seu interior, presos no vidro?

DAVID: Isto aclárao todo.

O VIAXEIRO: ¿O que?

DAVID: Este cravo.

O VIAXEIRO: ¿Non me diga que era iso o que buscaba cando cheguei? ¡Un cravo! ¿Díxenlle que aquel rapaz e eu...?

DAVID: ¿Sabía que non podía ser certo! Vostede é igualiño a unha persoa que coñecín hai moito tempo. Ata ten un ollo de vidro, coma el.

O VIAXEIRO: Que coincidencia.

DAVID: Mais iso non é todo.

O VIAXEIRO: ¿Todo o que?

DAVID: O máis increíble é que está a conta-los recordos daquel home. Cando empezou a falar do seu amigo e os seus xogos souben que pasaba algo raro. Vostede mente.

O VIAXEIRO: ¿Como se lle ocorre pensar que eu...? ¿Con que obxecto ía mentir?

DAVID: Aínda non o sei, pero conta un embuste tras outro. O tren no que asegura que chegou non pasou por esta vía. Foi unha ilusión miña debida ó cansazo ou á augardente. Se pasase, este cravo estaría afiado coma unha coitela, e, sen embargo, míreo... ¡Está intacto!

O VIAXEIRO: Si, xa o vexo; mais iso non é dabondo para que me chame mentirán. Pode que ese cravo non sexa o que vostede puxo no raíl, ou que caese antes de que o esmagasen as rodas do tren.

DAVID: (*David dubida*) ¡De acordo! Supoñamos que iso é certo, que o tren pasou por esta estación. Do que si estou seguro é de que non parou. Vostede non puido baixar del. Recoñézao, mente. Apropiouse dunhas lembranzas e unha face que non lle pertencen... Quizais sexa un fantasma troleiro que acudiu á chamada do meu subconsciente... Podería facer que esvaeza se o desexo, só teño que imaxinar que chega un novo tren e vostede marcha nel.

O VIAXEIRO: ¡Adiante!

DAVID: ¿Que?

O VIAXEIRO: Fágame desaparecer.

David cerra os ollos e concéntrase. Cando os abre de novo, sorrí satisfeito. Logo ve ó Viaxeiro xunto ó poio recollendo a súa equipaxe.

DAVID: ¡Ah, estaba aí!

O VIAXEIRO: Si, pero non se preocupe por min. Non o volverei molestar.

DAVID: ¿Que fai?

O VIAXEIRO: Marcho. Vou á vila. (*David párao antes de que colla o camiño*)

DAVID: ¿É que non o entende? Vostede é igual a quen eu coñecín, pero non pode ser esa persoa porque está... Ese home está...

O VIAXEIRO: *(Con incredulidade)* ¿Morto? *(David vai falar; mais hai algo que llo impide. O Viaxeiro mírao divertido)* Creo que non está ben da cabeza, señor.

DAVID: Se puidera explicarlle...

O VIAXEIRO: Por MIN pode pensa-lo que queira; que son un farsante ou que non o son, mesmo que son un aparecido, tanto me ten. En canto me libre o camiño deixarei de ser un problema para vostede.

DAVID: ¿E o sea comité de benvida?

O VIAXEIRO: Podo pasar sen oí-la charanga duns aldeáns. Íao facer só pola muller.

DAVID: ¡Agarde! *(David limpa a boca da botella e ofrécella ó Viaxeiro)* Bote un grolo.

O VIAXEIRO: Non, gracias.

DAVID: ¡Veña, home! Regresa á terra despois de pasar lonxe moitos anos. Prosperou. Iso merece un grolo. *(O Viaxeiro mira a botella con inquietude...)* É augardente da comarca. Molle os beizos. *(...pero rexeita a invitación cun movemento de cabeza)* Retiro o que dixen. Non é un impostor. E prometo non volver a cuestiona-la súa existencia.

O VIAXEIRO: Gracias, pero non podo. A bebida...

DAVID: ¡Xúrolo! É vostede real, e non se parece o máis mínimo á persoa que agardo, que, por suposto, está viva.

O VIAXEIRO: Pensei que dixera que non agardaba por ninguén.

DAVID: Cando llo dixen non agardaba por ninguén, sen embargo agora...

O VIAXEIRO: ¿Recordou repentinamente que tiña unha cita?

DAVID: Non, é que... Acabo de decatarme da posibilidade de atopar unha persoa que hai moito que non vexo, alguén que pensei que desaparecera da miña vida para sempre. Ese individuo está a piques de regresar e temo non estar preparado para o recibir como merece. O certo é que o reencontro vai ser desagradable para os dous dadas as circunstancias... El foi o responsable de que a miña familia perdese as terras, e sospeito que o fixo a posta. Preparouno todo para me desposuír do que tiña, ¿entende? Por iso estou algo nervioso. Pídolle desculpas polo que lle dixen antes, non quería ofendelo.

David apártase do camiño do Viaxeiro, quen, despois duns instantes de dúbida, pousa a equipaxe no chan e acepta a botella.

O VIAXEIRO: ¡Por que non! Un grolo non me ha sentar mal. *(O Viaxeiro bebe cos ollos cerrados, saboreando a augardente)* Non me esqueceu o sabor.

DAVID: Beba.

O VIAXEIRO: ¡Gracias! *(Despois de botar outro grolo, reconfortado)* ¡Está boa! Noutro tempo, cando existía, o alcohol sentábame mal, facíame dicir cousas que non desexaba. Prometinlle á muller que non volvería a beber, pero creo que hoxe o necesito. ¡Polo meu proxecto! *(O Viaxeiro bebe de novo e despois devólvelle a botella a David, quen só molla os beizos)* ¿Vostede por que brinda?

DAVID: ¡Pola liberdade! *(David dá un trago e pásalle a botella ó Viaxeiro)*

O VIAXEIRO: Si, pola liberdade. ¡Dentro dunha orde, por suposto! *(O Viaxeiro bebe. Hai un silencio)* Sempre que boto un grolo, estea onde estea, lembro a primeira vez que me emborrachei. Fora mercar augardente a unha adega da Lama. Os gardas pecharan a de Lugar. Sospeitábase que durante a guerra abastecera ós republicanos. Cando voltaba á casa co licor, atopei o meu amigo no río. Estaba pescando dese xeito tan particular do que xa lle falei. Pedíume que lle axudase cunha troita tras da que levaba toda a semana. Foi moita calor aquela tarde e os dous estabamos sedentos, así que me pediu un grolo de augardente e logo díxome que bebera eu tamén. Aceptei por medo a que pensara que era un mexericas e peguei un trago, e logo outro. Ó principio só mollaba os beizos, pero despois a augardente empezou a entrar sen que o notase. Cando reparei, xa

tiña unha boa. (*David ánimo a seguir bebendo e o Viaxeiro acepta*) Pasámo-la tarde bebendo e dando tombos monte adiante. O alcohol púxome tan quente que me empeñei en o ir facer cunha ovella coa que xa foderan tódolos rapaces da vila. Tiña sona de ser moi doce, máis que a maioría das rapazas do val. Pero o meu amigo espantouna cando estaba a piques de... xa sabe.

DAVID: ¿Está seguro de que o fixo?

O VIAXEIRO: ¡Xuroume que si! Eu nunca conseguín lembrar nada do que pasou aquela tarde. (*O Viaxeiro ri e bebe outro grolo, logo dálle a botella a David*) O caso é que, de súpeto, apareceu o dono do rabaño, que a saber de onde saíu, e eu aínda estaba cos calzóns baixados e teso coma unha vara. Ó querer fuxir, entre a vergonza e a borracheira, enredeime cos pantalóns e caín ó chan a mercé do paisano, que a emprendeu a golpes comigo. ¡Ó cabo marchei de alí máis quente do que estaba!

Os dous homes rin ás gargalladas. De súpeto, David dálle un puñazo no estómago ó Viaxeiro, que cae de xeonllos. David, despois de sacudi-la man, axúdao a incorporarse.

DAVID: ¡Desculpe! Pensei que vostede... Crin que non lle faría mal.

O VIAXEIRO: ¡Xa! Pensou que o seu puño atravesaría o meu corpo coma se fose fume. (*David séntao no poio e queda de pé xunto a el frotando os cotenos*)

DAVID: Estou un pouco nervioso, ¿sabe? Polo reencontro. Hai moito que non vexo á persoa que agardo. Todo foi tan repentino... Colleume desprevido. Nunca imaxinei que o atoparía de novo, e menos dun xeito tan... insólito.

O VIAXEIRO: Non sei que pensar. O seu comportamento é moi estraño.

DAVID: Ben o sei. Nin eu dou creto ás miñas reaccións.

O VIAXEIRO: Primeiro confúndeme con alguén que non esperaba atopar e a quen non aprecia demasiado. Acúsame de ser un impostor e despois intenta facerme crer que son un fantasma que se apeou dun tren inexistente, e tras insinuar que estou morto, dálle por emprendela a golpes comigo. Non sei que pasará de aquí a que chegue o meu comité de benvida se non marchou agora mesmo.

DAVID: Prométole que non volverá ocorrer...

O VIAXEIRO: Xa non podo confiar en vostede... Sospeito que ten algo contra min, mais ignoro que pode ser.

DAVID: ¿Dóelle?

O VIAXEIRO: Un pouco.

DAVID: É vostede novo e forte. Ben pode aguanta-la acometida dun vello coma min.

O VIAXEIRO: ¿Xa está pensando en atacarme outra vez?

Os dous homes rin. David ofrécelle a botella.

DAVID: Beba. (*O Viaxeiro cóllea e bebe, e logo faino David. O trago de David semella, por primeira vez, tan longo coma os que dá o Viaxeiro. Silencio*) ¿Mellor?

O VIAXEIRO: Si. Un pouco... Eu tamén estou inqueda. Por iso non paro de falar. Cando estou nervioso e non teño que dicir, dáme por falar ás toas. E se ademais boto un grolo, non calo ata que a armo; sempre é así... Aínda que esta vez me colleu dianteira. (*O viaxeiro sorri*) É polo do comité de benvida e o demais: a presentación do proxecto, os discursos... Vanme nomear fillo predilecto de Lugar e a comarca. Imaxino que lle porán o meu nome a unha rúa ou a unha praza da vila. Se a miña muller non insistira tanto, non estaría aquí. Para serlle sincero impórtame pouco ser fillo predilecto de... ¡de ningún sitio! Vin só pola muller.

DAVID: ¿Teme a benvida que lle reservan os do val?

O VIAXEIRO: ¡Espero que non todos reaccionen coma vostede! (*Os dous homes rin outra vez. Despois, o Viaxeiro bota outro grolo*) Sempre se desata algún conflito cos máis resentidos, os que se negan a que a sociedade progrese, pero xa estou afeito. E tamén a soporta-la envexa dos que se senten ameazados polo éxito alleo. Os máis

estánme agradecidos por ter levado o nome da vila tan lonxe. Vanme facer unha homenaxe. Non, non é iso... Pasaron moitos anos desde abandonei o val. Agárdanme ducias de persoas en Lugar, xente que non vexo desde era un cativo, rostros esquecidos, homes que non se lembrarían de min se no canto de triunfar, fracasáse. Agardan só polo vitorioso home do ollo de vidro co seu magnífico proxecto para o val na bagaxe.

DAVID: Eu penso iso a miúdo.

O VIAXEIRO: ¿O que?

DAVID: Que desaparecín da memoria dos que me coñeceron. E confeso que ás veces é un consolo. Non soportaría que visen que mudei tanto.

O VIAXEIRO: Miña muller di que non son máis ca estupideces, pero para min foi sempre unha obsesión. De feito, traballei coma un atolado para que iso non sucedese. É como se o meu triunfo me asegurase un lugar na memoria das xentes do val. *(Hai un silencio)* ¿Está vostede casado?

DAVID: Non.

O VIAXEIRO: Mire. *(O Viaxeiro tira a carteira do abrigo e amósalle unha foto a David)* Aquí está o día da voda. Casar con Carme foi o mellor que fixen ata hoxe. De non ser por ela non estaría onde estou. Tódolos homes deberían casar cunha boa muller. Xúrollo; eu non tería chegado tan lonxe sen o seu apoio... O que está xunto a ela é meu sogro, o *coronel*, un home estrito, un auténtico militar, pero amante da familia, coma min. *(Escollendo outra foto, e logo outra)* Este é meu fillo. O *coronel* quere que siga a carreira militar, pero eu sei que vai para enxeñeiro, lévao no sangue. El axudoume co proxecto. Coa maqueta, claro. Só ten seis anos... Aquí está a nena o día da Primeira Comunión. ¡Que bonita é! Igualiña á nai, ¿a que si? *(David contempla as fotografías. O Viaxeiro sorri satisfeito e dá un trago)* ¡A mellor familia que un home pode desexar! Todos eles son unha parte esencial do meu triunfo. Xa o dicía meu pai: «Se queres chegar a algo, fillo, non esquezas formar unha familia».

DAVID: Aposto a que non me recoñece. Podería sentar diante del como agora estou diante de vostede e el non repararía en quen son.

O VIAXEIRO: *(Atilda absorbo nas dúas fotos)* ¿Quen?

DAVID: O amigo que agardo, a quen vostede me lembra. Seguro que el xa se esqueceu de min.

O VIAXEIRO: ¿Por que o había esquecer? Foron amigos, ¿non? As amizades da infancia recórdanse sempre... Entendo que estea vostede un pouco doído porque as cousas non lle saíron como esperaba, pero asegúrolle que a min non me pasaría o que di. Se me atopase co rapaz do que lle falei, recoñeceríao por moito que cambiase.

DAVID: ¿Está seguro? Hai un pouco dixo que esquecera toda aquela xente da súa infancia.

O VIAXEIRO: A ese lémbroo ben. Era o meu mellor amigo... Podo esquecer caras que acabo de ver, pero non a del. Sempre lembrarei os seus ollos grandes e brillantes, atentos a canto pasaba ó seu redor, os beizos axiles, a fronte despexada... Aquela face é difícil de esquecer.

DAVID: Todo iso puido mudar.

O VIAXEIRO: Por suposto, pero non tanto como para que non o recoñecese. *(Silencio)*

DAVID: ¿Que pensaría se lle dixese que eu son o seu amigo?

O VIAXEIRO: ¡Que está a piques de me zurrar de novo!

Os dous homes rín. O Viaxeiro bebe de novo e despois pásalle a botella a David.

DAVID: ¿Somos tan diferentes?

O VIAXEIRO: Vostede lévame máis de dez anos e aquel rapaz era da miña idade, creo que un ano máis vello.

DAVID: Supoña que algo fixo que avellentara antes de tempo, imaxine que...

O VIAXEIRO: *(Interrompéndoo)* Sería difícil de crer, ¿non lle parece?

O Viaxeiro garda as fotos na carteira e volve a mira-lo reloxo. Dálle uns golpes coas xemas dos dedos e lévao ó oído. David bebe. Hai un silencio.

DAVID: Propóñolle un xogo.

O VIAXEIRO: ¿Que clase de xogo?

DAVID: Un pasatempo inofensivo. Non hai que apostar nin que acadar unha meta arriscada. Só hai que ter un pouco de imaxinación para participar.

O VIAXEIRO: Sempre se xoga para conseguir algo.

DAVID: Nós xogaremos polo pracer de facelo, para pasa-lo tempo ata que chegue o comité de benvida. ¿Que lle parece?

O VIAXEIRO: ¿En que consiste ese... pasatempo?

DAVID: Trátase de imaxinar que somos quen non somos e de actuar coma esas persoas na circunstancia na que nos atopamos.

O VIAXEIRO: ¿Que persoas? ¿A quen temos que imitar?

DAVID: Imitar non. Ser. Prestárlle-las nosas vidas ós amigos que ámbolos dous lembramos.

O VIAXEIRO: ¿A quen representaría eu nesa especie de farsa?

DAVID: Será a persoa a quen eu agardo, a quen tanto me recorda.

O VIAXEIRO: Eu non sei como se comportaría ese individuo, non o coñezo... Nin sequera me contou nada del.

DAVID: Actúe con naturalidade, como se vostede fose el. Procure non facer ningún esforzo, déixese levar pola súa propia lóxica. Eu representarei o rapaz do que me falou, ese que tanto admiraba, o que viña con vostede pasa-las tardes a este apeadeiro. Se eu fago crible o meu personaxe, vostede dará co seu. Intentarei asemellarme ó seu amigo en canto poida.

Silencio.

O VIAXEIRO: Non, é imposible que sexa el. Xa lle dixen que aquel rapaz era da miña idade e vostede lévame máis de dez anos.

DAVID: ¡É un xogo! A situación que lle propoño non ten que se corresponder coa realidade. O noso encontro resulta bastante extraordinario en si mesmo, créame. Supoña que por algunha inexplicable razón o seu amigo avellentou antes ca vostede. Imaxine que o atopa despois de todos estes anos no apeadeiro de Lugar, onde agardaban polo último tren, o que os había devolver ó fogar cando conquistaran o mundo; imaxine que eu son aquel rapaz...

O VIAXEIRO: Non sei... Aquele rapaz na súa situación... El era o menor de todos nós, tiña futuro. Sempre estaba a falar do que ía conseguir; sen embargo, vostede... Acaba de recoñecer que está arruinado. Isto non é o que eu esperaba del.

DAVID: A vida cambia ás persoas, convérteas en seres estraños e moi diferentes ó que a nosa memoria lembra delas, non o esqueza. O xogo que lle propoño non é tan disparatado. A marxe da idade e o parecido físico, a única diferenza entre el e mais eu é o destino que a súa imaxinación inventou para aquel rapaz, máis nada; e iso non é moito tendo en conta que o destino é produto do azar. Non hai quen poida garantir un final determinado para os individuos. Quizais o futuro do seu amigo sexa o meu presente...

O VIAXEIRO: ¿Que intenta demostrar?

DAVID: Tiña pensado vir no último tren, ¿non si? ¿Por que cambiou de idea?

O VIAXEIRO: Non era máis ca un capricho. Aquele rapaz e eu soñabamos con regresar ó val nese tren. Pero xurdiu un asunto urxente preto de aquí, na cidade, e tiven que adianta-la viaxe. Por iso cheguei no proximidades da tarde...

DAVID: ¿Ve? Un imprevisto. Un acontecemento fortuíto cambiou a súa vida, que desde ese momento tomou

un rumbo diferente. Así encamiñámo-lo destino, a forza de insignificantes accidentes. Por separado semellan obstáculos sen importancia, pero eles determinan o noso porvir.

O VIAXEIRO: Todos temos liberdade para elixir.

DAVID: Si, pero cada individuo accede a determinadas opcións produto dunhas circunstancias concretas. Quen sabe en que situacións se viu envolto aquel rapaz ó longo da súa vida. Pode que non acadase as súas metas, poida que algo lle saíse mal, quizais tropezou con algún obstáculo inesperado que o catapultou cara ó fracaso e á miseria.

O VIAXEIRO: ¿Un accidente?

DAVID: Unha morte, talvez. Unha morte da que non foi responsable, pero da que todo o mundo o culpou. Unha morte inesperada que o obrigou a fuxir e a abandona-los seus proxectos.

O VIAXEIRO: Ninguén foxe por unha morte na que non estea implicado. Todos nós temos parte no que nos sucede, ata neste curioso encontro, que para vostede foi fortuíto. ¡Faime graza iso do destino! Eu traballei desde moi novo para conseguí-lo que teño, ninguén me regalou nada. Sufrín moito para chegar a onde estou e síntome orgulloso do que acadai: a familia, a Compañía, o proxecto para o val... Todo é realidade grazas ó meu esforzo. Non hai casualidade nin azar no traballo de cada un. Vostede quere que me sinta culpable por ter alcanzado unha boa posición.

DAVID: Eu non o estou acusando de nada.

O VIAXEIRO: ¡Está, está! Non é a primeira vez que alguén me solta ese conto de que todo o que nos sucede é casual. Seguramente vostede estragou a súa vida en xogos estúpidos coma o que pretende que xoguemos, mentres eu traballaba sen descanso.

DAVID: Xa está preparado para comezar.

O VIAXEIRO: ¿Por que o di?

DAVID: Desexaría que eu fose aquel rapaz. O seu fracaso compraceríao máis que ningunha outra cousa. De que serviría tanto esforzo se non houbera a quen amosarlle os seus magníficos resultados.

O VIAXEIRO: Foi vostede quen propuxo o xogo, non eu.

DAVID: Si, ten razón; propúxeno eu, pero non sabía como se desenvolvería a intriga... É igual, o xogo debe entrañar certo risco, se non, non sería emocionante.

Silencio. O Viaxeiro fita a David con suspicacia.

O VIAXEIRO: ¿Quen é vostede? ¿Que quere de min?

DAVID: ¡É gracioso que sexa vostede quen pregunte iso!

O VIAXEIRO: ¿Que está a facer na estación de Lugar precisamente hoxe, o día que eu elixín para presenta-lo proxecto para o val?

DAVID: A min tamén me parece asombroso este encontro, máis que a vostede. Só sei que sucedeu.

O VIAXEIRO: Actúa dun modo moi raro. ¿Por que non deixa de mira-lo meu ollo de vidro? Desque o descubriu non parou de miralo e esa é unha conduta impropia dunha persoa cabal.

DAVID: Lémbreme o ollo de alguén que coñecín hai tempo, xa llo dixen.

O VIAXEIRO: (*Que se pon de pé, alarmado*) E agora este estraño xogo... Iso de que agarda por alguén a quen eu lle lembro non son máis ca mentiras. ¡Estao a inventar para me tender unha trampa!

DAVID: ¿Que podo ter eu contra vostede?

O VIAXEIRO: (*Recúa, consciente de que a bebida lle fixo máis efecto do desexado*) Quérese vingarse de min. Pensa que son o responsable de que a súa familia perdesse as terras que posuían no val, pero trabúcase... Aínda non comezaron as expiacións, ninguén deu autorización...

DAVID: ¡Esqueza as terras! Xa non as podo recuperar.

O VIAXEIRO: ¿Quere os meus cartos? ¿É iso o que busca?... Non, é o ollo... Si, claro... ¿Sabe o do meu ollo! (*O Viaxeiro tropeza coa equipaxe e cae ó chan*) Tíñao todo preparado. Debín sospeitar cando me ofreceu a augardente... Non podo proba-la bebida, prohibiuno o médico. Cando estou borracho perdo o control da situación. Estou perdido... e mareado... ¡Tome! Quede cos meus aneis e co reloxo, pero déixeme o ollo, por favor...

DAVID: ¡Non quero o seu diñeiro, nin o ollo! ¡Só quero xogar! Pasa-lo tempo, só iso. Aproveitar este encontro fortuíto para nos coñecer un pouco e descubrir cales serían as nosas reaccións se nos atopásemos cos nosos respectivos amigos. É un xogo inofensivo, e pode resultar apaixonante. Dous amigos da infancia atópanse no apeadeiro da súa vila, onde adoitaban pasa-las horas poñendo cravos nos raís, despois de moitos anos. Un deles triunfou e o outro, que son eu, fracasou e, por algunha misteriosa razón, envelleceu máis do previsto. É un bo comezo, ¿non cre?

O VIAXEIRO: ¿Non é vostede un ladrón?

DAVID: Non.

O VIAXEIRO: Crín que pretendía roubarme. Quizais deduciu polo que dixen que o ollo de vidro tiña algún valor, pero asegúrolle que non é así. Sempre que bebo falo máis da conta e invento cousas... É só un vulgar ollo de vidro.

DAVID: Confíe en min. Non quero facerlle ningún mal. (*Os dous homes fitanse. O Viaxeiro acouga. David ofrécelle unha man*) ¿Que me di? ¿Acepta?

O VIAXEIRO: A aquel rapaz encantábanlle os xogos.

DAVID: ¿Ve como non somos tan diferentes? (*O Viaxeiro cóllese a David e incorpórase*)

O VIAXEIRO: ¿Sabe unha cousa? Antes non fun totalmente sincero. Mentínlle. Vostede parécese moito ó rapaz do que lle falei, tanto que houbo un momento no que cheguei a pensar que realmente podería ser el.

DAVID: Cando queira comezamos a xogar.

O VIAXEIRO: ¡De acordo! Intentareino.

DAVID: Non esqueza o seu papel. E lembre que a partir de agora eu son quen pescaba dese xeito tan particular, o único da vila que se arriscaba a andar de noite polas covas da montaña... E quen trabou amizade co soldado americano que se perdeu na serra cando intentaba alcanza-la costa.

O VIAXEIRO: ¿Quen lle contou iso?

DAVID: ¿O que?

O VIAXEIRO: Que aquel rapaz fixera amizade cun americano.

DAVID: Eu son el, non o esqueza. É o xogo. *Silencio. Os homes mítranse.*

O VIAXEIRO: ¿Díxenlle eu iso? Non lembro...

DAVID: A tarde que se emborracharon fóronlle leva-la troita que pescara o seu amigo. Adoitaba levarlle todo o que collía. Non o sabería se non mo contase vostede.

O VIAXEIRO: Ben, falo tanto que... De tódolos xeitos non é certo. Nunca houbo ningún americano escondido nestas montañas. (*O Viaxeiro colle a botella de novo e bebe*)

DAVID: ¿Como que non?

O VIAXEIRO: Eses fuxían polos Pireneos. Houbo quen embarcou en Lisboa, pero a ningún atolado se lle ocorrería alcanza-la costa atravesando estas montañas.

DAVID: Poida que algún contratempo o obrigase a vir cara ó val, se cadra perdera os seus contactos. ¿Non foi iso o que sucedeu?

O VIAXEIRO: Iso dixo o meu amigo, pero mentiu. A historia que me contou é improbable. Meu sogro é coronel, sei do que falo. ¿Se era certo que ese soldado andou, por estas montañas, por que ninguén soubo del en todo o val máis que o meu amigo? El confioume o seu segredo, ¿non? ¿Entón por que nunca me levou onda

el? ¿Por que nin sequera me ensinou a cova onde se agachaba?

DAVID: Quizais quixese protexelos, ó americano e a vostede. ¿Que pasaría se o collesen e o interrogasen os gardas? Vostede era un rapaz, contarían todo e irían os tres á cadea.

O VIAXEIRO: ¿E por que diaño me contou nada se era tan arriscado? Eu non lle pedía que o fixese. Xurei que nunca lle falaría a ninguén desa historia, sabía que as nosas vidas correrían perigo se o facía. ¡Non era tan estúpido!... Inventou ese conto para presumir diante de min. Fíxome crer que grazas a el o americano chegara á costa e embarcara cara ó seu país. Dixo que conseguira poñelo en contacto cos comunistas da cidade, que se atopou con eles río abaixo, nun remanso, e que antes de abandona-lo val, o americano, agradecido, regaláralle un dólar de prata que pertencera ó seu avó.

DAVID: ¿Lembra aquela moeda?

O VIAXEIRO: ¡Claro que si! Era un dólar furado. O americano contoulle que o furara o mesmo Búfalo Bill.

DAVID: Aquela moeda probaba a súa existencia, e tamén que aquel rapaz era de verdade o seu amigo.

O VIAXEIRO: ¡Dígolle que eran inventos! Seguro que a furou el para despois inventa-la historia dun americano que nunca existiu. ¡Obrigoume a gardar tódalas súas mentiras como valiosos segredos!... Voulle ensinar unha cousa (*O Viaxeiro baixa á vía e apalpa a parede da plataforma*) O americano díxolle que era unha moeda da sorte e recomendoulle que a acochase nun lugar seguro para non perdela. Escondeuna nun buraco que fixo nesta parede... Cando ía subir no coche que me levaría do val para sempre, achegouse a min e rompeu o silencio. Díxome que a moeda de prata sempre estaría aquí, no acocho do apeadeiro, agardando a que algún dos dous a necesitase. (*O Viaxeiro atopa a pedra, quítaa e mete a man no buraco*) Non está. Mentiu unha vez máis. Debina coller hai anos, antes de marchar, pero tiven medo do que me faría se chegaba a descubrirme... Eu envexábao por posuír aquel tesouro.

DAVID: Parece que non o admiraba tanto como dixo.

O VIAXEIRO: Máis do que cre. Máis do que ninguén pode imaxinar, por iso dóeme canto me fixo cando eramos cativos.

Os dous homes fítanse. De súpeto, o Viaxeiro comeza a rir.

DAVID: ¿Que?

O VIAXEIRO: É o seu aspecto... Está sucio e canso. É obvio que non lle foi ben ultimamente.

DAVID: Non moi ben.

O VIAXEIRO: E cando cre que a cousa pode ir a mellor e regresa ó fogar, descobre que a súa familia perdeu a casa e as terras. ¡E aínda está de humor para celebracións!

DAVID: ¿Parécelle graciosa a miña situación?

O VIAXEIRO: Non o puiden evitar. É que imaxinei por un instante que era o meu amigo. Non o tome como algo persoal, por favor... Aquel rapaz cría estar destinado a facer grandes cousas, pretendía cambia-lo mundo coa axuda do seu fabuloso amigo americano... Dícía que non había dereito a que moitos dos nosos pagasen por traballar unhas terras que eran dos seus antepasados. Quería chegar a ser rico para merca-lo val e reparti-las terras entre os veciños. Eu estaba un pouco farto de escoitar aquelas fantasías... Sería cómico atopalo neste estado: avellentado, arruinado e sen o fogar que pensaba atopar ó regreso. (*O Viaxeiro ri de novo, cun riso nervioso*)

DAVID: ¿Foi iso o que sempre desexou? ¿Desposuír a aquel rapaz da facenda?

O VIAXEIRO: Non sei... Si, inconscientemente quizais. El era o mellor, ¿sabe? Un gañador. O seu destino era o triunfo, e para el o resto dos rapaces da vila eramos inferiores, aínda que estivese atacado de soños igualitarios. Comprobar que co paso do tempo as súas ilusións se truncaran había ser divertido. Vostede tiña razón. Eu sentiríame recompensado se nos atopásemos nunha circunstancia similar a esta. Por unha vez dominaría

a situación, e iso é algo que sempre desexei. E sospeito que el temía que iso sucedese, ¿sabe? Deuse de conta o día que regresei de me poñe-lo ollo no último tren. Molestoulle que ó cabo eu conseguise paralo e me convertese no centro de atención grazas a un anaco de vidro.

DAVID: ¿Iso cre?

O VIAXEIRO: ¡Aposto a que si! De feito, deixou de falar-me desde aquela. As poucas veces que o vin despois do accidente fuxiu de min. Non quero que pense que non teño sentimentos, pero gustaríame gozar dunha ocasión coma esta para que vise ata onde cheguei. Non imaxina o cruel que podía chegar a ser aquel rapaz con todos nós.

DAVID: E especialmente con vostede.

O VIAXEIRO: Si, especialmente comigo. El sabía que o adoraba. Sería como unha especie de premio polo meu esforzo e un desquite polo que me fixo pasar cando eramos cativos. El ría de min e de tódolos rapaces de Lugar, pero eu era o único bastante estúpido para andar tras del despois de tratarme como o facía. Aproveitou a miña inocencia para dar corda ás súas fantasías e levar a cabo xogos perversos. Nunca mereceu a miña admiración. Fixen canto desexaba a cambio dunha amizade que nunca correspondeu.

DAVID: Vostede esaxera. Cos anos o seu resentimento transformou aquelas lembranzas.

O VIAXEIRO: Non imaxina o diabólico que podía chegar a ser. Someteume a todo tipo de humillacións. Cando andaba ás troitas non deixaba que me metese no río, obrigábame a quedar na beira a recolle-las pezas que el pescaba. Ás veces levábame por camiños que descoñecía, enredándome coa promesa de me ensina-lo escondite secreto do soldado americano, e cando estabamos ben lonxe da vila, botaba a correr e deixábame perdido no medio do monte...

DAVID: (*Rindo, logo de beber un grolo de augardente*) Ás veces, os rapaces son crueis sen pretendelo.

O VIAXEIRO: ¡Era un fillo de puta! (*O Viaxeiro quitalle a botella e bebe un trago longo*)

DAVID: ¿Non tomaría a mal aquelas bromas?

O VIAXEIRO: Perdín o ollo por culpa del. ¿Cre que iso tampouco debo tomarlo a mal? (*Bebe de novo*) Aquela tarde, a tarde do accidente, emborrachoume á mantenta. Fíxome crer que bebía para que eu me animase a acompañalo, pero só mollaba os beizos. Logo levoume onda as ovellas para rir de min. Está todo aquí, neste ollo. Aquel día ocorrúselles unha idea atolada e absurda para dete-lo último tren de Lugar. Un dos dous tñíase que tombar no balastro e agardar sobre as travesas a que o tren estivese preto dabondo como para que o maquinista se decatase da presenza do corpo e tirase do freo. Ese era o plan, así deteríamo-lo último tren de Lugar.

DAVID: E vostede era quen o había levar a cabo.

O VIAXEIRO: Se desexaba o seu aprecio, non podía ser doutra maneira. Por iso propuxo o xogo. Obrigoume a arrisca-la vida por el. Eu daquela era moi inxenuo. Non me decatei de que só pretendía rir de min e fíxeno. Pensei que se o lograba, conseguiría a súa amizade. Tireime na grava e agardamos. Nunca antes sentira o paso do tempo coma neses minutos. Cando escoitei o asubío da locomotora ó lonxe e a terra comezou a tremer, volví á realidade. De súpeto, reparei no que estaba a facer. Era unha loucura. O tren non ía parar. David sabía, sóboo desde o principio... Mireino. Crin que me obrigaría a erguerme antes de que fose tarde, pero non o fixo. Ninguén podía xa modifica-lo curso dos acontecementos. O xogo debía continuar... Sentín que esa experiencia cambiaría as nosas vidas... O último tren de Lugar asomou tralas rochas e abalanzouse sobre min... Quedei inmóbil, o ruído era abouxador... Pode que tapara os oídos, quizais empecei a berrar, non sei... Só lembro que algo se me cravou no ollo. Era como se ardese. Debín botá-las mans á cara porque notei o sangue entre os dedos... Non podía quitar aquel cravo ardendo do ollo... Pode imaxina-lo resto. (*Silencio. O Viaxeiro bebe un grolo longo e devólvelle a botella a David*) Se estivese no meu lugar, aproveitaría a ocasión para

evidencia-lo seu éxito, porque aquel xogo endiañado foi o primeiro elo da cadea. A proba do apeadeiro fíxome forte e destemido, tal como son agora. Saberse responsable diso faríalle máis dano que ningunha outra cousa que eu puidese amosarlle, incluído o meu proxecto.

DAVID: Deixe de chamalo así.

O VIAXEIRO: ¿Como?

DAVID: Proxecto. Agora é xa unha realidade.

O VIAXEIRO: Si, ten razón. Non hai por que chamalo así. Agora é case unha realidade. *(O Viaxeiro abre o seu maletín e comeza a tirar documentos do seu interior e a amosarllos a David)* ¡Aquí está! Os resultados das proxeccións, a distribución das liñas, a central, o encoro... ¡Todo! Planos, fotografías e números... ¡Centos de números!

DAVID: *(Mirando unha das fotografías)* O salto de Lugar.

O VIAXEIRO: ¡Si, o meu proxecto! Xa oú falar del, ¿non? *(Ponse de pé e achégase ó bordo da plataforma)* Mire o val e imaxine nel o novo «orgullo de España». Iso é o que lle amosaría ó meu amigo: a Central Hidroeléctrica de Lugar. Máis de dúas mil hectáreas inundadas, sesenta kilómetros de lonxitude... ¡Un espello inmenso! Fantástico, ¿a que si? O proxecto para o val daríalle a ese cretino unha idea aproximada da miña situación.

DAVID: *(Sorprendido, lendo un dos documentos)* Comezo da obra en marzo de 1965...

O VIAXEIRO: De aquí a un ano. *(David érguese e corre cara ó proscenio, cruza o camiño de ferro e detense na encosta de grava)* Xa temos tódolos permisos, e os contratos das obras están a piques de asinarse. O comezo dos traballos vai depender unicamente das expropiacións... Sempre se desatan conflitos sociais cando se aborda esa fase, pero confío en que a resolución non atrase o comezo das obras máis do previsto. *(David parece non cre-lo que ve no fondo do val)* ¿Que pasa?

DAVID: ¡Lugar segue no val!

O VIAXEIRO: Calada coma sempre, agochada entre as montañas.

DAVID: O encoro... ¡Desapareceu! ¡Non é máis ca un proxecto!

O VIAXEIRO: Xa o dixo vostede, é máis ca iso. É unha realidade. Todo está en marcha; agora é só cuestión de tempo. Tres anos a partir do comezo das obras, quizais catro, e, ó cabo, o salto de Lugar erguerase no val.

DAVID: Pero... ¿que pasou? Hai un anaco Lugar quedaba afundida na auga... ¡O encoro estaba aí antes de que vostede chegase! ¡Vino eu! E agora... esvaeceu.

O VIAXEIRO: ¡Iso é imposible! ¿Como ía estar aí...?

DAVID: ¿Que día é hoxe?

O VIAXEIRO: Xoves. Pero... ¿iso que importa?

DAVID: ¿De que ano?

O VIAXEIRO: ¡Deus santo! ¡Vostede está tolo de todo!

DAVID: Estamos no ano 1964.

O VIAXEIRO: Si, maio de 1964.

DAVID: Trece anos atrás... O accidente aínda non se produciu, por iso deixei de coxear.

O VIAXEIRO: ¿Que accidente?

DAVID: E o ditador aínda non morreu...

O VIAXEIRO: Non, aínda non. Pódolle garantir que vive, malia a que a máis de un lle gustaría que non fose así. Antonte mesmo recibín confirmación da súa presenza na inauguración da Central.

DAVID: O Xeneral non acudirá á inauguración do salto por motivos de seguridade. A expropiación das terras vai desencadear máis conflitos dos que imaxina. Terase que conformar coa presenza dos ministros de Obras Públicas e Industria.

O VIAXEIRO: Non bromeo co meu proxecto. Traballei moito para o sacar adiante. ¡Quero ó Caudillo!

DAVID: ¿Non se decata? Volvemos atrás no tempo. ¡Eu volví ó pasado! Antes de que vostede aparecese todo era diferente. O ditador morrera e Lugar estaba afundida na auga. A presa estaba aí abaixo, no val.

O Viaxeiro vólvese e comeza a garda-los papeis do proxecto no seu maletín. David recolle do balastro as follas nas que traía envolta a botella de augardente e amósallas ó Viaxeiro.

DAVID: Mire a data deste xornal... ¿Ve? ¿Año 1977!

O VIAXEIRO: ¿Que é isto?

DAVID: É o periódico de onte. Nestas follas traía envolta a botella de augardente. A deste xornal é a data na que eu cheguei a Lugar.

O VIAXEIRO: «Legalízase o Partido Comunista...» ¿Que broma é esta?

DAVID: ¡Regresamos ó pasado! ¡Eu regresei ó ano 1964! É difícil de crer, xa sei, pero é a verdade. Ó principio, pensei que todo era unha farsa e vostede un impostor, con ese ollo de vidro e a súa maneira de vestir e falar, ou que era unha ilusión que me viña lembra-lo pasado e que marcharía como chegou. Pero agora sei que é algo máis... Non sei como sucedeu, o caso é que aínda estamos a tempo de evitar que a vila desapareza.

O VIAXEIRO: (*Tirando as follas do xornal ó chan*) ¡Ninguén vai impedir que se erga a miña Central!

DAVID: Obstinarse en que este proxecto se leve a cabo é unha necidade. ¿Non ve que acabaría coa vida da comarca?

O VIAXEIRO: ¡Apártese!

DAVID: A ponte vella, o muíño, a fraga... ¡Lugar! ¡Todo quedará afundido na auga!

O VIAXEIRO: Non se preocupe. A vila vaise reconstruír máis arriba, na ladeira do monte. Xa se fixo noutras ocasións.

DAVID: A vella vila é o que importa. Alí é onde vostede naceu, onde morreron os seus avós...

O VIAXEIRO: É o prezo do progreso, e a fin de contas Lugar está condenada a desaparecer... Medio centenar de casas, algunhas terras labradas e un puño de recordos. É todo o que se perde a cambio dunha chea de postos de traballo e de infinidade de melloras nos servizos e na calidade de vida dos veciños... O val converterase nun enclave de interese turístico e acadará un lugar na historia de España. Está todo previsto: a localización, a distribución das vivendas, as rúas... Lugar reconstruírse como lle digo, asegúrolo.

DAVID: O seu proxecto non se levará a cabo como ideou. Nin sequera o encoro terá as espectaculares dimensións do plano orixinal.

O VIAXEIRO: Doulle a miña palabra de que si.

DAVID: Vostede non pode garantir nada. Non vai estar aquí para cumprilas súas promesas.

O VIAXEIRO: ¡Estarei!

DAVID: (*Interpoñéndose no seu carrizo de novo*) Só lle pido que me atenda unha vez máis. A súa vida corre perigo. Se fai o que digo, podemos evitar que morra.

O VIAXEIRO: Iso non o poderá evitar ninguén. Nin sequera vostede.

DAVID: Créame, non ha chegar a ve-lo proxecto feito realidade. Vai morrer hoxe, aquí, neste apeadeiro.

O VIAXEIRO: Non ten graza o que di.

DAVID: ¡Xa o sei, mais é a verdade! Morrerá se non me escoita.

O VIAXEIRO: ¿Por que está tan seguro diso? ¿Vaime matar vostede?

DAVID: Non, morrerá accidentalmente. Eu son amigo seu, non sería capaz de asinalo.

O VIAXEIRO: ¡Está tolo! Desde o principio sospeitei que non andaba ben da cabeza.

DAVID: ¡Debe confiar en min!

O VIAXEIRO: ¡Apártese de diante ou...!

DAVID: ¡Mire! (*David amósalle a moeda de prata que sacou do buraco da parede da plataforma*) É o dólar de prata que me deu o americano cando deixou o monte para sempre. Collino do buraco pouco antes de que chegase. ¡Eu son David, o seu amigo da infancia! Esta moeda proba que é certo o que lle digo.

O VIAXEIRO: (*Confundido, mirando a moeda*) Calquera pode ter un dólar furado. Non é máis ca unha moeda vella.

DAVID: ¡Non, é máis ca iso! ¡É o dólar da sorte que me regalou o americano antes de volver ó seu país!

O VIAXEIRO: Se vostede fose aquel rapaz, cometería un erro recoñecéndoo. Xa oíu o que sinto por el.

DAVID: Seino. E por iso quere alaga-lo val. Para borrar para sempre unhas lembranzas que non deixan de atormentalo.

O VIAXEIRO: Non, iso é imposible. O que sucedeu nestas montañas forma parte do que son e ninguén o pode cambiar. Pero se algún día o meu amigo regresa a Lugar verá o que fun quen a facer polo seu desprezo.

DAVID: O seu amigo xa regresou e viu todo o que tiña que ver. Lugar baixo a auga, todo o val anegado pola obsesión dun resentido. A súa memoria engánao, modificou aquel tempo ó seu gusto e converteuno nun enfermo. Nada sucedeu como lembra. Ódiame porque era mellor ca vostede e négase a admitir que eu o quería de verdade.

O VIAXEIRO: Mire, recoñezo que a miña interpretación pode chegar a resultar convincente e moi emocionante, pero xa lle dixen que non me interesa participar no seu xogo. Teño a certeza de que a cousa non acabaría ben se non o deixamos agora. Por favor...

DAVID: ¡Isto non é un xogo, é a realidade! Todo o que está a suceder xa aconteceu. Inventei o pasatempo para convencelo de que eu son o seu amigo... Se llo dicía sen máis, tomaríame por un atolado. Agora xa o sabe. Eu son David. Collía as troitas coas mans e tirábame ó río desde o alto da ponte vella. É certo que coñecín un soldado americano e que lle levaba as troitas que pescaba. Esta é a proba, o dólar de prata furado por Búfalo Bill. Podería falarlle ata rebentar da nosa amizade, da tarde que perdeu o ollo e de moitas outras tardes que subiamos ás montañas. Debido a este... salto no tempo, son máis vello ca vostede, ¡trece anos máis vello! Talvez a vida lle estea dando a oportunidade de rectificar un dos seus máis grandes erros. Un erro que o ha levar á morte.

Silencio. O Viaxeiro recúa.

O VIAXEIRO: Tíñao todo preparado. A miña chegada, esa fantasía do tren que non para na estación, o engano do meu increíble parecido a alguén que probablemente nunca existiu, a augardente, esa moeda... ¡E o xornal trucado!

DAVID: Se non me escoita, non poderemos impedir que ocorra o accidente. Vostede morrerá e todo volverá ser coma antes.

O VIAXEIRO: Brindou pola liberdade... Agora o entendo. Estaba a celebra-lo éxito da súa misión... (*De súpeto, o Viaxeiro tira unha pistola do peto do abrigo e encara a David*)

DAVID: ¿Que fai? Garde a arma.

O VIAXEIRO: Non é un vulgar ladrón. Se o fose, collería as miñas xoias e o diñeiro, e marcharía. Non sabe nada do meu ollo, nin sequera imaxina o seu valor. Isto vai máis alá... Forma parte dunha conspiración.

DAVID: ¿Que clase de conspiración? ¡É absurdo que pense iso!

O VIAXEIRO: Non máis que o que vostede insinúa. ¡Un salto no tempo! ¿Esa historia tamén forma parte da trampa?

DAVID: Conteille o que vai pasar no futuro. Fíxese en min, na miña roupa... Xa viu o xornal... ¿Como... como explica que saiba o que sei de vostede e do seu amigo?

O VIAXEIRO: ¿Que sabía? Conteillo eu todo. Permitín que me emborrachase e que falase da miña infancia e daquel rapaz.

DAVID: ¿E o do americano? Vostede non o mencionou ata que en o lembrei. Teño o dólar de prata.

O VIAXEIRO: Son intelixentes e están preparados, teñen servizos de información. Infiltráronse na Compañía, pode que ata na miña familia. Vostede e os seus queren o meu proxecto. Están contra o Réxime e, polo tanto, contra min. Dixo que tiña que estar morto, oíno ben. Alguén o intentou antes ca vostede e fallou. Queren matarme e sabota-lo proxecto do salto.

DAVID: Creme. Isto non é un xogo. Por increíble que pareza é a realidade. Debes garda-la arma. É imprescindible, se non...

O VIAXEIRO: ¿Se non, que? ¿Os seus planos e os da súa banda desbaratados? Sexa o que sexa o que tramen, non os conducirá a nada. O proxecto realizarase de tódolos xeitos, comigo ou sen min

DAVID: Se quixese acabar contigo, xa o tería feito. Chegaría e mataríate sen máis. ¿Para que falar todo o que falamos? ¿Nin sequera vou armado! (*David apálpase para lle demostrar que di a verdade*) ¿Prefires esa fantasía terrorista antes que admitir que son amigo teu e que só pretendo facerche ve-lo que vai suceder se non escoltas? (*Os homes fítanse. Silencio. Ó lonxe, óese o asubío do tren*)

O VIAXEIRO: Pode que chegase a admiti-la súa historia...

DAVID: ¡Tes que o facer e garda-la arma axiña! ¡O último tren está a piques de chegar!

O VIAXEIRO: Si, podería convencerme de que é aquel rapaz, que veu do futuro para me salvar dunha morte inminente. Entón eu gardaría a arma e, ó mellor, en agradecemento pola súa axuda, quizais aceptase abandona-lo proxecto do salto...

De novo, o asubío do ferrocarril esténdese polo val.

DAVID: Xa entrou no túnel das montañas.

O VIAXEIRO: ¿Por que non? Quizais sexa certo o que di, que a vida está a dárno-la oportunidade de modificalo porvir... Pode que este sexa o momento de rectificalos nosos erros, os seus, para sermos exactos. Se eu crese o que di, estaríalle a da-la oportunidade de ser outro, o meu amigo e protector, e así salva-lo val... Pero para iso necesito algo que garanta a súa boa fe e a súa amizade. Se cadra, unha pequena proba.

DAVID: A túa vida está en perigo. Non hai tempo para probas.

O VIAXEIRO: Para a que a min se me ocorre hai tempo dabondo. O tren aínda non atravesou as montañas. Só tería que baixar da plataforma, tombarse no balastro e agardar. Non é tan difícil, eu fíxeno unha vez e só perdín un ollo.

DAVID: ¿Necesitas esa inútil proba para cre-lo que digo? ¿Son el, teño a moeda! ¿Son David!

O VIAXEIRO: Se vostede fose el, aceptaría as miñas condicións. Nunca permitiría que o puxese en ridículo. Recorde que era o mellor e que aínda está en débeda comigo. Perdín o ollo pola súa culpa.

DAVID: ¡Non podo...!

O VIAXEIRO: Pénsese ben, quizais cambiándolle-os papeis ós protagonistas daquel tráxico accidente, a cadea de acontecementos futuros se modifique. Quizais eu fracase nesa nova vida e vostede se converta no desaprensivo que pretende anega-lo val.

Escóitase de novo o asubío do tren, máis preto.

DAVID: ¡O tren saíu do túnel!

O VIAXEIRO: ¿Que pasa? ¿Non *queres* continuar xogando, David?

DAVID: Non podo face-lo que me pides. Hai anos, cando era cativo, quizais o fíxese, pero agora non podo...

O VIAXEIRO: ¿Por que non? ¿Acaso *tes* medo? O meu amigo nunca tivo medo... Ou quizais si. Talvez aquela tarde o sentiu por primeira vez e por iso deixou que fose eu quen arriscase a vida levando a cabo a súa estúpida idea... Esa é a esencia do fracaso, ¿sabíao? O medo. Primeiro faise coa mente de quen o padece e despois do corpo. É quen a inutiliza-lo músculo máis insignificante. Descubrino o día que perdín o ollo, e tamén que

unha vez que o enfrontas desaparece para sempre... *(David está inmóbil. Óese un longo asubío que anuncia a inminente chegada do tren)* Teme que nada cambie, que todo siga igual despois de realiza-la proba que lle propoño, ¿verdade? É lóxico. Para serlle sincero, eu tamén desconfiaría... Hai un momento para cada cousa. Nada pode muda-lo porvir sen antes variar tódolos feitos do pasado, e ninguén merece tal privilexio. Nin vostede nin eu. Non, ningún de nós merece unha nova vida. Por iso é mellor que non crea os seus contos e siga encarándoo ata que chegue o meu comité de benvida; e que logo continúe cos meus proxectos, mentres vostede pasa o resto da súa vida na cadea.

DAVID: Garda esa pistola. Faino ou morrerás.

O VIAXEIRO: Sería máis lóxico que sucedese ó contrario, ¿non cre? Eu son quen ten a arma.

DAVID: Dispararás. A bala vaimos feri-la perna esquerda.

O VIAXEIRO: Teño boa puntería. Mataríao se quixese. Pero non tema, non dispararei se non me obriga a facelo.

DAVID: Sei o que vai pasar. Coñezo o futuro. Morrerás se non báixa-la arma.

O VIAXEIRO: ¿Por que non deixa de comportarse coma se fose Deus? ¿Falando do futuro e do pasado da xente, dispoñendo das súas vidas! Vostede está tolo, vézelle na ollada. Tódolos da súa catadura tolearon se pensan que poden acabar connosco. *(O Viaxeiro vólvese inquedo cara ó camiño, por onde xa debería aproximarse o comité de benvida)*

DAVID: O comité de recepción nunca sairá de Lugar. Os veciños vano impedir. *(Óense disparos procedentes da vila)*

O VIAXEIRO: ¿Que foi iso?

DAVID: Os gardas disparan contra a xente do val. Haberá moitos feridos.

O VIAXEIRO: Os seus organizaron ese tumulto para que vostede levase a cabo a súa parte do plano.

O asubío da máquina soa con forza e o apeadeiro comeza a tremer. David dá uns pasos cara ó Viaxeiro, que recúa.

DAVID: O tren colleu a curva.

O VIAXEIRO: ¡Non se mova ou dispare!

DAVID: *(Avanzando)* Ti levabas razón, xa non hai tempo.

O Viaxeiro vólvese a mirar para o camiño e David aproveita o descoido para se botar a el, que non acerta a disparar con precisión e fere a David na perna esquerda. Os dous homes loitan. Séntese un novo asubío máis apremiante. A pistola cae ó chan.

O Viaxeiro desfáise de David e recúa cara ó bordo da plataforma, ande perde o equilibrio. David quere colle-lo, pero non logra evitar que caia á vía no instante que o tren cruza a escena.

Ó se afasta-lo último tren, o apeadeiro queda sumido no silencio.

David está tirado na plataforma. O Viaxeiro desapareceu, e tamén a equipaxe. Un Vello intenta espertar a David golpeándoo co seu caxato.

O VELLO: ¡Ei, compañeiro! ¡Oia! *(David acorda sobresaltado)*. ¿Encóntrase ben? *(David arrástrase ata o bordo da plataforma e mira a vía. Logo vólvese cara ó lateral por onde marchou o último tren de Lugar)* ¿Agarda vostede por alguén?

DAVID: Non.

O VELLO: Hai anos que non para ningún tren nesta estación. Os de proximidades si, pero os da capital case nunca pararon. Pódense conta-las ocasións cos dedos dunha man. *(O Vello, que coxeo da perna esquerda e camiña con dificultade apoiado no seu caxato, senta no poio e cerra os ollos. David ponse de pé e observa o val)* Vai cambia-lo tempo. A perna nunca me engana... Pronto han vi-las chuvias. Antes de que acabe a semana, o encoro encherase de novo e desaparecerán da superficie da auga os tellados das casas máis elevadas da vila afundida... ¿É vostede do val?

DAVID: Nacín aquí.

O VELLO: Daquela lembrarao tal como era.

DAVID: Lembro.

O VELLO: Eu son de Lugar. Case tódolos meus están soterrados baixo esas augas.

DAVID: ¿Oín que ían leva-la vila a unha aba do monte?

O VELLO: Os vivos están afeitos a andar de mata en mata, pero os defuntos... A eses hai que os deixar descansar onde se lles deu terra, que para iso están mortos.

DAVID: (*Ensumido*) Nada cambiou...

O VELLO: ¡Cambiaron moitas cousas! Máis das que un vello coma min podía imaxinar.

DAVID: Lugar xa non existe...

O VELLO: Ó principio pensaron en reconstruí-la vila como dixo vostede, pero o proxecto non se levou a cabo. Nada saíu como tramaran... Poucos quixeron quedar a vivir aquí despois de saber que a auga anegaría as súas facendas. Algúns fixeron casa río arriba ou na montaña, pero foron os menos... Eu pasei moitos anos lonxe de aquí, e cando regresei atopei o que tiña baixo ese inmenso espello. Mais tiven a sorte de cara e fíxenme con algún diñeiro co que non contaba. Ó cabo, merquei por catro cans unha casa que queda a medio camiño do apeadeiro desde a que se domina o val. *O vello volve a cerra-los ollos. En silencio, goza dos últimos raios de sol do outono. David, que se move con dificultade, acusando a súa coxeira, colle a botella do chan e descobre que está baleira.* Parece que bebeu máis da conta.

DAVID: Creo que si.

O VELLO: ¿Como se fixo o da perna?

DAVID: Foi un accidente.

O VELLO: O meu tamén. Disparoume unha persoa. Pero non quería ferirme, era o meu mellor amigo. Ou iso pensaba eu. As grandes amizades nunca foron correspondidas... Sen embargo, eu quería de verdade. (*David fíta ó Vello; logo vólvese cara ó bordo da plataforma, a mira-lo encoro*) Cando eramos cativos subíamo-los dous ó apeadeiro a ver pasa-los trens. Botabamos horas poñendo cravos nos raís ata os afiar coma coitelas, falando do futuro, do que pensabamos ser e facer... Das cousas que falan os rapaces cando teñen a vida por diante e devecen por esgota-lo seu tempo. Xusto ó contrario que agora. Cando falan os vellos sempre é do que fixeron e o que non, como se nese constante remexer no pasado fosen atopa-la maneira de rectifica-los seus erros e muda-lo presente. ¡Dígollo eu, que teño anos e penas dabondo das que me laiar! E máis agora que o mundo polo que moitos de nós loitamos está a vir abaixo... Onte á noite, cando vin na televisión cae-las primeiras pedras do muro de Berlín, non puideron conte-las bágoas. ¡E toda aquela xente festexándo...! ¿Cal foi o erro? Parece increíble que aqueles nosos ideais de xuventude foran os que xeraran tanta miseria e resentimento... (*David Pita ó Vello*) ¡Non faga caso! Son os disparates dun vello que lamenta ter estragado a súa vida nunha loita sen sentido... Non é bo pensar tanto no pasado. Xa sei que hai momentos nos que parece que a saudade vai gaña-la partida, mais témo-lo deber de sobrepoñernos e continuar adiante porque, do contrario, corrémolo risco de quedar atrapados para sempre.

Silencio.

DAVID: ¿Onde dixo que está a súa casa?

O VELLO: Aí ó lado, tras esas penas, despois de atravesala vía. Tívoa que ver se veu polo camiño. Cando pasa o tren parece que se vai vir abaixo. Pero a min iso non me molesta, estou afeito ó troupele e ós seus longos asubíos. Ademais esta liña está a piques de desaparecer. Moi pronto o tren xa non pasará por estas terras... É unha boa casa, mellor do que parece a simple vista, e aquí estou preto dos meus. (*Hai un novo silencio*) ¿Viu pasa-lo último tren de Lugar?

DAVID: Vin

O VELLO: É o que vén da capital. Ese nunca para... En certa ocasión, o mozo que me feriu na perna e eu argallamos un plano para o facer deter; pero non saíu como imaxinamos... Tivo unha horrible morte aquel rapaz, ¿sabe? Levouno o último tren de Lugar neste mesmo apeadeiro moitos anos despois. Foi un horrible accidente. O seu corpo quedou destrozado, irrecoñecible case. El foi quen proxectou o Salto que alagou o val. Sucedeu o día que veu presenta-lo seu proxecto ás autoridades de Lugar, na primavera do sesenta e catro. Hai quen di que o asasinaron para lle rouba-lo ollo de vidro, que, segundo contan, escondía un diamante; pero de ser así tamén levarían os aneis e os cartos ademais do ollo, ¿non cre? As autoridades aseguraron que fora un asasinato, que esa morte formaba parte dunha serie de atentados para facer fracasa-lo proxecto do encoro e que os terroristas non estaban interesados no diñeiro, por iso non levaran as xoias. Houbo quen pasou días no apeadeiro na procura do ollo, mais nunca apareceu. E tampouco nunca se chegaron a aclara-las verdadeiras circunstancias daquela morte... Eu coñezo ben a historia, créame, e quen levou o ollo non pretendía matar aquel home nin roubarlle os canos. Quizais só o collese porque pensou que no seu interior había algo que o podía axudar a recupera-lo que perdera co paso do tempo, algo que, ó cabo, resultou se-la xoia da que se falaba... Mais todo foi casual, xúrollo. Foi un accidente. Un tráxico accidente que o mudou todo, ou case. (*David senta no poio no momento no que o Vello se pon de pé e comeza a andar*) ¡Ah, esquecíame! (*O Vello tira do peto da chaqueta un pequeno envoltorio de papel de periódico e vólvese cara a David*) Isto debe de ser seu.

Estaba no chan, xunto a vostede. Debeulle caer do peto. (*David colle o envoltorio*) Poida que sexa un obxecto moi importante para vostede, aínda que agora non lle pareza valioso polo pouco esmero que puxo en conservalo... Todo conta, ¿sabe? Ata un descoidado envoltorio de papel. Imaxine que o perde ou que llo leva alguén. Quizais o seu destino cambiase, e iso non estaría ben. Non sería xusto. ¡Que sería de nós se puidesemos cambia-lo curso dos acontecementos a pracer!

O Vello sae. David desfai o envoltorio. Nas follas enrugadas fulxe un ollo de vidro.